




COSTA DE FISTERRA (interior)

Desde Sardiñeiro ao cabo Fisterra

Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2020



Distancia: 15 km (lineal)

Dificultade: media

Propoñemos unha camiñada pola costa do concello de Fisterra que da ao interior da enseada, desde o linde con Cee (na praia de Estorde) á punta do Cabo de Fisterra, pasando por varias praias e a vila. Pódse completar coa visita ao museo do mar e a pesca no Castelo de San Carlos. Unha ruta de grande interese paisaxístico, histórioc-artístico, etnográfico e natural

PERCORRIDO

Desde o límite do concello con Cee (Estorde) para poder camiñar pola esquerda da estrada e ter os cruces á man, podemos seguir o trazado do camiño de Santiago e desviarnos onde sexa posible ou aproveitar a marea e camiñar pola beira do mar e polos cantís onde se poida.

Da estrada baixamos á **praia** para coñecela e se a marea nos deixa podemos cruzala e camiñar logo un pouco polo alto das pedras ata onde hai unhas roturas no cantil onde xa non é doado seguir alí, un pouco antes, hai un carreiro que sube a un camiño e nos leva á estrada. Un pouco antes de chegar á estrada damos nun camiño e nel hai unha entrada por unha propiedade pola que podemos achegarnos a ver a **praia de Restrelo**.


O tramo entre Estorde e Sardiñeiro é de cantís de pouca altura ásperos e recortados e sen acceso se se quere facer un achegamento

Desde o sitio do que se ve a praia temos que volver polo mesmo camiño á

estrada para seguir pola beira ata onde atopemos o primeiro desvío á **praia de Sardiñeiro**.

Achegámonos a ela para percorrela e seguir, por dentro, ata o porto desde onde abrangamos cara atrás, unha panorámica da praia e a súa contorna, e cara a diante un tramo de

costa rochosa inaccesible ata a punta da Illa. Do **porto** volvemos á estrada ata que atopamos un camiño polo que se pode Baixar á **furna Grande** seo con coído recollido ao abrigo da **Moiña**, na **punta de Sardiñeiro**, desde onde hai que volver á estrada para seguir ata o miradoiro desde o que hai unha fermosa panorámica do que nos queda por diante.



Enseada de Fisterra.

Esténdese entre O Pindo e o Cabo Fisterra e acolle no seu interior a enseada do Ézaro e a ría de Corcubión.

.....
 Xusto ao pasar o miradoiro entramos no **Camiño de Santiago** que baixa da estrada para pasar ao pé da **praia do Talón** un seo recollido dividido en dous por un saínte rochoso. Volvemos ao camiño para continuar á estrada e seguir pola súa beira uns 300 m ata chegar á baixada á **praia Langosteira**, dous quilómetros, entre a **Calcova** e **San Roque**, de area pola beira do mar e de camiño acondicionado por detrás das dunas, que nos leva á entrada da vila. O relevo non deixa seguir pola beira así que hai que seguir pola estrada ata atopar o primeiro calexón polo que se poida baixar para achegarnos á **punta do Almacén** e logo outro para pasar pola **punta da Conserva** e entrar no porto. Percorrido o porto entramos na praia da Ribeira e rodeándoa pasamos por debaixo do **castelo** de **San Carlos** e polo camiño por enriba da **punta Berdullas**, o **petón Alto** para chegar á **praia do Corveiro** desde onde abrangemos a costa, rochosa e vertical, ata o **petón dos Corvos**. Subindo da praia e volvendo un pouco atrás hai un carreiro que nos leva á estrada moi preto da igrexa. Na estrada collemos á esquerda para irmos ata a **punta do Cabo**. A estrada abeirada de piñeiros vai gañando altura ata chegar á estatua do Peregrino desde onde temos unha fermosa vista e seguimos ata a baixada ao cemiterio por onde se queremos apartarnos do tráfico durante case 1 km, podemos baixar ata a primeira volta e seguir dereito polo camiño que sae dela, para volver á estrada ao pé do aparcamento do faro.

Pódese facer a volta a Fisterra subindo desde o faro ao **Monte Facho** e continuar visitando as **Pedras Santas** e os restos da capela de San Guillerme, para saír por unha pista de novo a estrada e pasar pola igrexa de Santa María (aumentamos a distancia en 4 km).



Rochas no inicio da ruta, no linde con Cee



Praia de Estorde (Sardiñeiro), no linde con Cee



Praia do Restrelo



Punta da Arnela



Sardiñeiro



Praia de Sardiñeiro



O Rumbo



Punta Longa. Porto de Sardiñeiro.



O Furadiño. Furna Pequena.



Punta da Illa



Furna Grande



Punta de Sardiñeiro/A Moíña.



Praia de Talón



As Boleiras



Puntas Pombeira e de Alba



Praia da Langosteira, de 1.900 m de lonxitude.
Ao fondo a vila e o Cabo de Fisterra.





Rego Grande, na praia Langosteira



As Pardas. Punta de San Roque.



Punta Suacruz



Punta do Almacén



Punta da Conserva



Fisterra (porto)



Vista de Fisterra desde o monte do Facho.




Praia da Ribeira




Punta do Castelo



Castelo de San Carlos. Acolle un museo do mar e a pesca.



Vista xeral do Cabo de Fisterra desde o interior da ría



Punta Bardullas. Petón Alto.



Laxe do Corveiro



Praia do Corveiro




Petón dos Corvos



Punta e coído Cabanas. Petón Cercado.
Vista desde o miradoiro da estrada.



Coído Inqueiro



Punta e furna Bufadoiro




A Centoleira pecha o Cabo de Fisterra polo leste

Cabo Fisterra. Atópase no extremo sur dunha península co punto máis alto no Monte Facho (241 m). É o límite sur da Costa da Morte. Está formado por granito rosa con grandes cristais de feldespatos



Faro de Fisterra, construído em 1853, elevase a 138 m sobre o nível do mar



Os Cachés, na punta do Cabo



Punta da Xestosa




Petón do Inglés



Desde o cumo do Facho podemos contemplar a enseada de Fisterra, o monte Pindo e a costa ata o monte Louro e máis alá, se está bo tempo. Cara ao norte vese o cabo da Nave.

Ademais das vistas espectaculares sobre a contorna acolle as Pedras Santas, dúas pedras abaladoiras ás que se lle atribúen varias lendas coma a de ser o lugar onde se pousou a Virxe, o poder de determinar a fidelidade dos cónxuxes, ter a capacidade de vulgar aos crentes que merecen entrar no ceo ou a culpabilidade dos reos.



Solpor coa illa Centolo. Unh das tradicións do camiño de Fisterra é a contemplación da morte do sol no mar.



Restos da ermida de San Guillermo, de orixe medieval ou anterior e destruída no século XVIII. Hai varias lendas relacionadas con este lugar, unha delas conta que se celebraban ritos de fecundidade sobre unha pedra chamada "Cama do Santo).



Igrexa de Santa María das Areas de Fisterra, construída a partir do século XII. Foi declarada, xunto co monte e ermida de San Guillermo, Conxunto Histórico e Ben de Interese Cultural en 1985.